

Campo de voluntariado internacional de mocidade en Boqueixón e Vedra

Os Concellos de Boqueixón e Vedra acolleron un campo de voluntariado internacional. Unha vintena de mozas e mozos de 18 a 30 anos e procedentes de España, Bélxica, China, Francia e Grecia participaron nesta iniciativa titulada *Vía Xacoba: Camiño de Santiago*. Este campo de voluntariado inclúese no programa estival da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Entre os obxectivos atopouse a posta en valor da etapa da Vía da Prata, ao seu paso polos 2 concellos. Así, desenvóléronse accións de limpeza, acondicionamento e embelecemento do Camiño, ademais dun proxecto de dinamización compartido cos colectivos infantil, xuvenil e da terceira idade, e a posta en marcha de materiais de difusión e actividades divulgativas.



Os rexedores de Boqueixón e Vedra mantiveron un encontro coa vintena de participantes neste campo de voluntariado



A mocidade traballou na posta en valor da Vía da Prata



Non faltou a visita ao cumio do Monte Sagrado boqueixanés



Intercambio coa xuventude de Gavoi

Boqueixón acolleu un intercambio con mocidade de Gavoi (Cerdeña), que traballaron nun proxecto para dar a coñecer a cultura e música tradicionais galegas.



Remata o Curso de Monitor de tempo libre

16 mozas e mozos finalizaron as sesións teóricas do Curso de Monitor de tempo libre dos Concellos de Boqueixón e Vedra. Nestes meses completarán a parte práctica do mesmo.

Preto de 200 rapaces e rapazas participaron na Acción de Verán

Preto de 200 rapaces e rapazas participaron nas distintas actividades da Acción de Verán, impulsado polas OMIX dos Concellos de Boqueixón e Vedra. As propostas comprenderon tanto campamentos estivais como unha completa viaxe a Alacante.

A primeira quenda foi a do campamento infantil desenvolvido nas instalacións do camping de Cachadelos (Sanxenxo). Nesta proposta de lecer estival participaron arredor de 80 nenas e nenos de ambos os dous municipios. Os rexedores de Boqueixón e Vedra, Manuel Fernández Munín e Carlos Martínez Carrillo, visitaron á rapazada participante.

A continuación, máis de medio cento de nenas e nenos de 9 a 12 anos toma-

ron o relevo á cativada para participaren no seu campamento de verán, tamén nas instalacións do devandito camping en Sanxenxo.

Ambos os dous grupos gozaron de sete días cheos de variadas propostas de lecer. Entre elas atopáronse actividades acuáticas como body board, padel surf, kayak ou snorkel.

A Acción de Verán das OMIXs de Boqueixón e Vedra concluíu co Campamento Recreando, que levou a unha trintena de mozas e mozos de 14 a 16 anos. Entre as actividades desenvolvidas atopáronse visitas a Aqualandia, Mundo Mar, Alacante, San Juan e tamén o parque de atracción Terra Mítica. Ademais, tamén desenvolveron un proxecto para realizar unha acción de voluntariado.



O rexedor boqueixanés, coa rapazada asistente á quenda para público infantil



Visita dos alcaldes boqueixanés e vedrés a participantes no campamento xuvenil



Unha trintena de mozas e mozos viaxaron a Alacante co Campamento Recreando



150 personas na primeira 'Noite de Cine'

O Concello de Boqueixón iniciou o seu programa Noite de Cine con gran éxito de asistencia. Arredor de 150 persoas achegáronse á Carballeira de Rodiño para ver *O Mago dubidoso*, dirixido a público familiar.



Remata o curso de informática de adultos

Unha trintena de persoas remataron os cursos de informática para adultos, ofertados polo Concello de Boqueixón e impartidos por Loli Eiroa. A iniciativa contou cunha excelente acollida entre o alumnado asistente.



Arredor de 150 persoas asistiron ao peche do ciclo 'Camiños Sonoros' no Pico

O Pico Sacro acolleu a xornada final do ciclo 'Camiños Sonoros'



Presentación de 'Calas Blancas'

Arredor de 150 persoas asistiron á xornada final do ciclo *Camiños Sonoros*, que se desenvolveu no Pico Sacro. A cita contou coa presenza do alcalde, Manuel Fernández Munín, e do delegado territorial da Xunta,

Ovidio Rodeiro Tato. Actuaron Martiño Malleiro, que deleitou ao público coa súa destreza co acordeón, mentres que Fernando Estévez fixo o propio co clarinete-percusión. Pechou este trío de prodixios Nadia Vázquez Martínez, coa gaita.

Esta cita complementouse coa presentación previa da novela *Calas Blancas*, de Emily Rodríguez Santos. A Capela de San Sebastián quedouse pequena para acoller as preto de cen persoas que asistiron á cita.

'Noite Velada' no Campo do Río de Ponteledesma o día 9

O Campo do Río de Ponteledesma acollerá o 9 de agosto dende as 21.30 horas a *Noite Velada*. Haberá actuacións de

Estralampo, Luz do Ilicino, Muxicas da Silveira e Manoele de Felisa, conxuro da queimada e postos de comida e bebida.



Os Bolechas chegan a Camporrapado

O programa FalaRedes achegou á Casa da Cultura de Camporrapado o espectáculo dirixido a público familiar dos Bolechas *Somos unha gran Familia*. A esta cita acudiron arredor de medio cento de persoas.



Éxito da observación do eclipse de lúa

Preto dun cento de persoas achegáronse ata o Pico Sacro para gozaren do visionado do eclipse de lúa. A actividade foi dirixida polo persoal do Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela.

Dobre sesión do 'Ler Conta Moito'

A Biblioteca Municipal do Concello de Boqueixón desenvolveu en O Forte dúas sesións do seu programa de dinamización da lectura *Ler Conta Moito*. Ambas as dúas propostas contaron con moi boa acollida por parte da poboación infantil do municipio, contando cada unha das ac-

tividades con máis dun cento de asistentes.

A primeira sesión centrouse nun espectáculo de marionetas que correu a cargo da compañía Trécola Teatro. A segunda das propostas tivo como protagonistas a Os Quinquilláns Teatro, que ofreceron un vistoso show.



Máis dun cento de rapazas e rapaces acudiron á sesión de Trécola Teatro

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Xoves
1

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Inicio da quenda de agosto do programa de conciliación estival. Dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.

Venres
9

Lecer na Piscina: 'Os Tres Tenedores' de Odaiko

Piscina municipal de O Forte
18.30 horas
O programa Lecer na Piscina ofrece este espectáculo dirixido a público infantil dentro do programa *Cultura no Camiño*. Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, AGADIC; Consellería de Cultura e Turismo e Xunta de Galicia.

Venres
9

Noite Velada

Campo do Río de Ponteledesma
21.30 horas
Entrada de balde
Actuacións dos grupos Estralampo, Luz do Ilicino, Muxicas da Silveira e Manoele de Felisa.
Conxuro da Queimada.
Postos de comida e bebida.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Domingo
11

Feiras Activas. Espectáculo 'Cirkote'

Carballeira de Rodiño
12.30 horas
Entrada de balde
Espectáculo protagonizado por Kote Malabar e dirixido ao público familiar.

Venres
16

Noite de Cine: 'Maimiño'

Campo da festa de Oural
22.30 horas
Entrada de balde
Proxección do filme de animación para público familiar.
Colabora: Deputación Coruña.

Venres
23

Programa Ler Conta Moito: Espectáculo de Marionetas Trécola

O Forte
10.00 horas
Actividade de balde
Espectáculo de títeres *Xogo revoltó*, para público infantil.
Actividade patrocinada pola S.X. de Política Lingüística.

Venres
30

Lecer na Piscina: Espectáculo 'Mago Noel' de Odaiko

Piscina municipal de O Forte
18.30 horas
O programa Lecer na Piscina ofrece este espectáculo infantil dentro do programa *Cultura no Camiño*.
Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, AGADIC, Consellería de Cultura e Turismo e Xunta de Galicia.

e en setembro...

Domingo
1

Feiras Activas. Espectáculo 'Rogelio, un pallaso en recuperación'

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde

Entre
2 e 10

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Quenda de setembro do programa de conciliación estival, que finaliza o 10. Dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.

Xoves
5

Observación astronómica

Pico Sacro
21.30 horas
O programa *Camiño das Estrelas. As estrelas do Camiño* ofrece un visionado da lúa crecente dirixido polo Observatorio Ramón M^o Aller da Universidade de Santiago. Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, Consellería de Cultura e Turismo e Xunta.

Domingo
8

Feiras Activas. Cándido Pazó: 'Historias que veñen e van'

Carballeira de Rodiño
12.30 horas
Entrada de balde
Monólogo de Cándido Pazó dirixido ao público adulto.

Domingo
15

Roteiro guiado: 'Unha volta ao Pico'

Igrexa Sta. M^o de Lestedo
09.00 horas
Entrada de balde
Percorrido de 8,3 quilómetros.
Inscripcións, no Departamento de Turismo de Boqueixón.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com